DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010337

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - ÁREA DE TEATRO E INTERPRETACIÓN**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da Presidencia número 31139, do 24 de xullo de 2024 aprobouse a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - Área de teatro e interpretación.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes desistencias, alegacións e/ou emendas:

- **Wendy Barros García**

Con data do 8 de agosto presentou alegacións solicitando a revisión da súa puntuación no apartado da proba. O xurado emitiu informe confirmando a puntuación acadada por Wendy Barros García, o cal lle foi notificado á interesada.

- **Iria García Novo**

Presentou un escrito solicitando modificar o seu proxecto, de conformidade co sinalado no punto 6.7 das bases reguladoras. O xurado emitiu informe autorizando a modificación do proxecto.

Xa que logo, todas as solicitudes concedidas provisionalmente considéranse aceptadas

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a concesión definitiva das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - Área de teatro e interpretación, seguintes

**Titular da bolsa:** ZOE FUENTES RAMA
**NIF:** ***0758**
**Expediente:** 2024000016058
**Obxecto da bolsa:** Cuarto curso de Interpretación no Teatro de Texto
**Importe da bolsa:** 10.000,00 €

**Titular da bolsa:** IRIA GARCÍA NOVO
**NIF:** ***3719**
**Expediente:** 2024000017751
**Obxecto da bolsa:** Curso de la escuela Atelier de Teatro Físico en Turín.
**Importe da bolsa:** 10.000,00 €

**Titular da bolsa:** AINARA DALMAU MENDIZABAL
**NIF:** ***8165**
**Expediente:** 2024000018210
**Obxecto da bolsa:** Máster en Interpretación para Cine, TV e Teatro na Escola do Actor Mario Bolaños, Madrid
**Importe da bolsa:** 10.000,00 €

**Segundo.-** Nomear suplentes ás persoas solicitantes seguintes:

Primeiro suplente: ALEX GARCIA VAZQUEZ

**Terceiro.-** Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación 220240009078, importe: 30.000,00 €.

**Cuarto.-** Publicar a presente concesión definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu

domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.